

## **Resolución reitoral pola que se aproban as bases dos “Premios Xosé Luis Armesto – As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza”**

Xosé Luís Armesto, quen foi catedrático de Química Física e reitor da Universidade da Coruña (UDC), doou un inmovible da súa propiedade á UDC baixo a condición de crear os Premios *As Mariñas Douradas de loita contra o cambio climático na Galiza*, que terán como finalidade recoñecer e fomentar o estudo e a investigación sobre o cambio climático desde unha perspectiva galega, mediante a concesión de dez galardóns a Traballos de Fin de Grao (TFG) elaborados en lingua galega, que teñan acadado a cualificación de sobresaínte nalguna das oportunidades do curso académico e para cada unha das cinco ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias Xurídicas e Sociais, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias e Ciencias da Saúde. Establécese a convocatoria de dúas edicións anuais, cun total de cinco premios por convocatoria, cada un deles cunha dotación de mil euros (1.000 €).

Para os efectos de cumprir coa vontade do doante, apróbanse as seguintes bases, que rexerán o concurso para a concesión dos Premios *Xosé Luis Armesto - As Mariñas Douradas, de loita contra o cambio climático na Galiza*.

### **1. Finalidade**

Nos termos previstos na doazón realizada por Xosé Luis Armesto á UDC (aceptada por acordo do Consello Social de 16 de xullo de 2025) estes premios terán como finalidade recoñecer e fomentar o estudo e a investigación sobre o cambio climático desde unha perspectiva galega, mediante a concesión de galardóns a Traballos de Fin de Grao (TFG) elaborados en lingua galega, que teñan acadado a cualificación de sobresaínte.

### **2. Aspirantes aos premios**

Estes premios se dirixen ás persoas que defendan o seu TFG en titulacións oficiais de grao da Universidade da Coruña e que acaden a cualificación de sobresaínte.

### **3. Convocatorias e contía dos premios**

Convocaranse dúas edicións cada ano natural, nos meses de xuño e outubro, con cinco (5) premios por convocatoria, un para cada unha das cinco ramas de coñecemento seguintes: Artes e Humanidades, Ciencias Xurídicas e Sociais, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Experimentais e Ciencias da Saúde. Na convocatoria indicárase, como mínimo, o período académico ao que se refire, o prazo de presentación de candidaturas e a composición do Xurado.

A dotación de cada premio é de mil euros (1.000 €).

### **4. Publicidade**

As presentes bases e cada unha das convocatorias serán publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO). Así mesmo, co fin de dar a máxima difusión aos premios, anunciaranse as

convocatorias nos centros a través das persoas coordinadoras dos graos, e a todas as persoas interesadas a través dos canais de comunicación da UDC, entre eles a páxina web da Universidade e as redes sociais.

## 5. Temática e autoría dos TFG

A temática dos TFG estará referida á loita contra o cambio climático e a todos os problemas que o rodean, abordados dende unha perspectiva moi ampla e, en todo caso, ligada a Galicia.

O TFG debe ser orixinal, individual e inédito. Calquera traballo que presente evidencias de fraude académico ou autoría múltiple será descualificado.

## 6. Presentación de candidaturas

Os aspirantes deberán presentar a súa candidatura exclusivamente a unha das convocatorias que se publiquen dentro do ano natural no que se teña producido a defensa do TFG. A presentación da candidatura á primeira convocatoria impide presentarse á segunda, aínda que se renuncie ou se desista da primeira.

O prazo de presentación de candidaturas sinalarase na convocatoria e contarase a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no TEO.

A presentación da candidatura implica a aceptación destas bases e do contido da convocatoria.

Dado que o marco temático da convocatoria é moi amplo e multidisciplinar e, tendo en conta que os TFG se poden configurar con esquemas e formatos moi diversos segundo as titulacións, a presentación da candidatura debe acompañarse dos seguintes documentos, no formato que se dispoña en cada convocatoria, a fin de facilitar a súa valoración por parte dun xurado e a súa posible difusión e publicación posterior:

- 1) Resumo do traballo presentado (menos de 2000 caracteres, espazos incluídos)
- 2) Xustificación da orixinalidade, na que se indique de forma explícita as aportacións do TFG en relación coa temática indicada do Premios desde unha perspectiva galega (menos de 2000 caracteres, espazos incluídos).
- 3) Versión íntegra do traballo, en formato .pdf, nun único arquivo.

## 7. Xurado

O Xurado estará constituído por seis membros: a persoa titular da Vicerreitoría competente en materia de títulos e cinco vogais, un por cada rama de coñecemento, designados polo Reitor entre profesorado da UDC con experiencia acreditada na temática dos Premios. O Xurado actuará asistido por unha persoa secretaria, elixida pola presidencia do Xurado entre o PTXAS. As persoas que conformen o Xurado recibirán unha certificación pola súa participación.

O fallo do Xurado será inapelable, comunicarase a cada unha das persoas participantes por correo electrónico e publicarase no TEO e na web da UDC. Os premios poderán ser declarados desertos por acordo unánime dos membros do Xurado.

## 8. Entrega dos premios e difusión

A entrega dos premios realizarase nun acto público académico no que as persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo. As persoas directoras dos TFG premiados recibirán unha certificación de ter dirixido o traballo premiado.

Os resumos dos TFG premiados serán publicados na web da UDC co obxectivo darlle difusión.

## 9. Protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos facilitados na concorrência a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (R/Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal)).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión do procedemento de concesión dos premios desta convocatoria. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

O tratamento dos datos persoais está baseado nos apartados a) e e) do artigo 6.1 RXPd (consentimento da persoa interesada e cumprimento dunha misión en interese público). En aplicación do principio de transparencia, a concorrência a esta convocatoria implica a publicación dos datos persoais no TEO. As persoas que, por encontrarse nalgunha situación excepcional, desexen manifestar a súa oposición á publicación dos seus datos, poden manifestalo con carácter previo mediante un correo electrónico dirixido a [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal).

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e durante o tempo necesario para atender ás posibles responsabilidades que se puideran derivar do tratamento dos datos.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Toda a información relativa aos dereitos en materia de protección de datos persoais pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.udc.es/es/gobierno/equipo\\_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/](https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/).

A Coruña, na data de sinatura dixital.

O reitor

Ricardo Cao Abad